



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA

- 2.1.- Situación e características do centro.
- 2.2.- Organización do centro.
- 2.3.- Relacións mestres/familias/alumnado e administración

3. OBXECTIVOS DO PLAN

4. FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

5. DEREITOS E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

6. NORMAS DE CONVIVENCIA

- 6.1.- Normas de Organización e funcionamento do centro (PE).
- 6.2.- Incumplimento das Normas de Convivencia na comunidade educativa.

7. COMISION DE CONVIVENCIA

- 7.1.- Membros.
- 7.2.- Funcións

8. RESPOSTAS DO CENTRO Á SITUACIÓN ACTUAL DE CONVIVENCIA NO CENTRO.

- 8.1.- Accións preventivas.
- 8.2.- Accións complementarias.

8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

10. Anexos

- Modelo de parte de incidencias.
- Protocolo de actuación ante “acoso escolar” e/ou “ciberacoso”.

1.- INTRODUCCIÓN

A escola é un espazo de crecemento, de aprendizaxe, de experiencias, de coñecemento e de descubrimento do mundo.

Na escola reproducense situacións conflitivas da sociedade, pero tamén posibilidades de superación e integración que favorecen os ambientes educativos cando falamos en termos de prevención, motivación, comunicación, proxectos... Os nenos e nenas que maduren cuntos nun ambiente educativo de boa convivencia, serán persoas capaces de asumir as diferentas, respectar aos outros, dialogar e convivir.

O noso obxectivo primordial no noso centro será lograr un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída e aberta entre todos os membros da comunidade educativa.

Polo tanto, a mellora da convivencia no ámbito escolar debe ser tarefa de todos os membros da súa comunidade educativa, colaborando e desenvolvendo actividades que favorezan a mellora do clima de convivencia e de seguimento titorial e docente continuo que advirta e axude a previr as condutas que alteren o clima de convivencia escolar.

2.- DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

➤ SITUACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CEIP Mar de Fóra atópase situado na comarca de Fisterra. A súa situación xeográfica fai que se atope alonxada de case todas as partes, a 107 km de A Coruña e 86 km de Santiago de Compostela, ten unha poboación de cerca de 7000 habitantes, que se reparten entre as catro parroquias que compoñen o concello de Fisterra (San Martiño de Duio, San Vicente de Duio, Fisterra e Sardiñeiro), a súa extensión é de 29.6 km².

A este colexio asisten alumnos/as de tres das catro parroquias co Concello, xa que existe outro colexio en Sardiñeiro. Tamén hai outro colexio concertado na propia localidade de Fisterra.

➤ **ORGANIZACIÓN CENTRO**

O edificio consta de tres prantas:

-Pranta baixa, na que están á dereita e a esquerda as escaleiras de acceso as prantas superiores, os servizos para alumnos/as, a conserxería e a cociña que é utilizada pola Ampa.

-Na primeira pranta están as tres aulas de EI, a aula de PT, os servizos adaptados ao alumnado de EI, a biblioteca, a aula de usos múltiples que funciona como aula de psicomotricidade, xa que o centro carece deste, unha pequena dependencia para uso do persoal de limpeza, a sala de profesores, a aula de informática, os despachos de dirección e secretaría e dous servizos para o profesorado.

Na entrepranta sitúase a aula de Audición e Linguaxe e o Departamento de Orientación.

- Na segunda pranta están ubicadas as seis aulas de Educación Primaria, a aula de Música e a de Inglés. Tamén hai servizos para o alumnado e para profesorado, nesta pranta existe un pequeno cuarto para uso do persoal de limpeza.

O patio de recreo ten unha pista de cemento na parte posterior do colexio, con dúas porterías de fútbol e dúas canastras de baloncesto. Na parte de diante do colexio hai unha explanada de herba cun pequeno patio infantil e unha pequena zona do patio cuberto.

➤ **RELACIONES FAMILIAS/MESTRES/ALUMNADO E ADMINISTRACIÓN**

O clima de convivencia que se percibe no centro é aceptable. Coa elaboración deste Plan preténdese melloralo.

- En canto a relación cas familias, dende o centro educativo consideráse necesario melloralo basándose nunha relación de corresponsabilidade na educación dos seus fillos/as e non só en

acudir o centro nas horas de tutorías para informarse da aprendizaxe e rendemento académico. Vótase en falta máis colaboración das familias en aspectos tales como: comportamento, valores de respecto, cooperación, responsabilidade, tolerancia... os cales se traballan e fomentan dende o centro e que deberían ser reforzados no entorno familiar.

- A relación entre Equipo directivo, profesorado, personal da administración e servicios externos ao colexio é boa.

- A convivencia entre o alumnado hai que melloralala, producíndose moitos conflitos verbais.

Os conflitos que poden surxir aparecen normalmente á hora do recreo, moitos deles orixinados na competición deportiva: insultos, peleas, motes... Estes resólvense co diálogo e algunha medida disciplinaria de carácter menor como quedarse sin xogar no recreo, parte de amonestación privado e comunicación aos pais.

As situacións que inflúen negativamente na convivencia do noso centro negativamente son:

- Falta de motivación no alumnado.
- Agresións verbais entre alumnado.
- Algúns casos de agresións físicas entre alumnado.
- Algún caso de aislamiento entre o alumnado.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros, gritos...
- Distracción e falta de atención.
- Alteracións de conducta e actitude hacia mestres ou seus iguais.
- Olvido, perda ou deterioro do material para o desenvolvemento da clase.
- Pérdida de respecto entre iguais durante o recreo.
- Desobediencia ás órdes educativas-formativas do mestre.
- Faltas inxustificadas de puntualidade e de asistencia a clases
- Incumprimento de normas do centro (alumnado, pais/nais e profesorado).

3.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Fomentar e mellorar a implicación dos distintos sectores da comunidade educativa na convivencia do centro.
- Fomentar entre todos/as un clima axeitado de convivencia no centro.
- Establecer pautas de actuación orientadas á prevención de conflitos e a resolución destes de forma tolerante.
- Establecer criterios de actuación orientados á prevención de conflitos e actos que alteren un clima adecuado de convivencia (acoso escolar, absentismo, agresión...)
- Facilitar instrumentos e recursos para mellorar a convivencia
- Sensibilizar e implicar á toda a comunidade educativa para a mellora da convivencia.

4.- FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- ❖ Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo.
- ❖ Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade do trato e non discriminación.
- ❖ Previr e tratar situacións de acoso escolar.
- ❖ Recoñecer ao profesorado as facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia e recoñecemento da protección xurídica.
- ❖ A corresponsabilidade de pais/nais/titores legais no mantemento da convivencia nos centros escolares.
- ❖ Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas para mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- ❖ Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

❖ Sensibilizar aos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

5.- DEREITOS E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA (Lei 4/2011, do 30 de Xuño)

➤ Artigo 8. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sioxilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

➤ **Artigo 7. Dereitos e deberes do alumnado.**

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

➤ **Artigo 9. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.**

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.¹
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

¹ Libro de Rexistro de Entradas e/ou Saídas dentro do horario lectivo, na zona de Conserxería.
Libro de Rexistro de Personas Autorizadas a levar un alumno/a, na zona Conserxería.

➤ **Artigo 6. Dereitos e deberes das nais, pais ou das titoras/as.**

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

6.- NORMAS DE CONVIVENCIA

6.1.- As establecidas no documento: Normas de Organización e funcionamento do centro (NOFC) do CEIP. MAR DE FÓRA.

6.2.- As establecidas neste Plan de Convivencia.

6.3.- Incumplimento das normas de convivencia e intervención.

Conductas gravemente perxudiciais (Prescriben aos 4 meses).

- Agresión física ou psíquica, inxurias e ofensas graves, ameazas e coacción contra os membros da Comunidade Educativa.
- Actos de discriminación grave por razón de nacemento de raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade física, psíquica ou sensorial ou calquer outra condición social.
- Actos de desafío á autoridade do docente e ao persoal non docente.
- Gravación, manipulación e difusión por calquer outro medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade persoal, a intimidade persoal e familiar dos membros da Comunidade Educativa.
- Acoso escolar.
- Falsificación, de documentos académicos.
- Danos graves causados de forma intencionada nas instalacións e nos materiais do centro.
- Actos inxustificados que pertuben gravemente o desenvolvemento das actividades do centro.
- Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa.
- Portar calquer obxecto, substancia ou produto perigoso para a saúde ou a integridade de calquer membro da Comunidade Educativa. Indisciplina grave a resistencia de entrega de obxectos.
- Reiteración no mesmo curso escolar de conducta leves contrarias á convivencia.
- Incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras

- Realización dentro do horario lectivo, de tarefas que contribúan a mellora das actividades do centro, (recoller o patio, ordenar a biblioteca, a propia aula...)

- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias, (saídas, talleres)
- Realizar fóra da súa aula as mesmas tarefas co seu grupo vixiado por un responsable de garda, nunca superior a cinco días. (Aula de convivencia)
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un periodo de entre un e catro días dependendo da gravidade do feito. Durante este tempo o alumno deberá realizar os deberes ou traballos indicados polos seus mestres para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro como medida moi excepcional.

Procedemento

- Abrir un parte de incidencia por parte do mestre responsable do grupo.
- A incoación notificarase á nai/pai ou titor/a legal con indicación da conducta que o motiva, as correccións que correspondan e o nome da mestra/e que actuará de instructor.
- A resolución notificarase aos titores legais no prazo máximo de dous días lectivos dende o coñecemento dos feitos.
- Notificación e entrega do parte á xefatura de estudos.²
- Notificación á dirección.³
- En calquera momento da tramitación o director/a pode adoptar por iniciativa propia a modificación ou suspensión da medida correctora levada a cabo polo responsable. Posteriormente comunicaráselle por escrito ou de maneira telefónica esta medida á familia.
- En caso de que un alumno teña máis de **tres partes graves** abertos: pegar e agredir intencionadamente, destrozo do material do centro intencionadamente, Insulto ou vexación ao mestre, acoso escolar (grabar co móbil, cámara, ciberacoso...), pertencencia de substancias

² Especificase no parte de incidencias.

³ Especificarase no parte de incidencias.

perigosas; poderá ser motivo de expulsión e será a dirección do centro quen tramite o procedemento do feito, informando previamente a Inspección Educativa.

- Informarase ao Consello Escolar sempre e cando a Comisión de Convivencia o considere necesario.

Conductas leves (Prescriben ao mes) Tres leves= unha grave

- Conductas tipificadas como prexudiciais que non alcancen a gravidade requerida para ser un acto grave.
- Portar calquer obxecto substancia ou produto prohibido polas normas do centro, perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou que pertube o desenvolvemento das actividades docente, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa unha conducta gravemente prexudicial.
- Inasistencia inxustificada a clase e faltas reiteradas de puntualidade.
- Reiterada asistencia o centro sen material e equipamento preciso para participar no desenvolvemento da clase.

Medidas correctoras

- Amonestación privada ou por escrito por parte do mestre responsable.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo polo mestre implicado.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias ofertadas nesa semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a unha determinada clase por un periodo de dous días.
(Durante este tempo deberá realizar as tarefas correspondentes).

Procedemento

- As medidas correctoras levaraaas a cabo o mestre/a do alumno/a, oído este e dando conta ao xefe/a de estudos.

- Son inmediatamente executivas.

7.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

7.1.- Membros:

- Presidente: Director/a
- Secretario/a:
- Xefa de Estudos: Vanessa Oliveira
- Persoa dinamizadora da convivencia: Karina Cernadas Trillo
- Orientador/a : Karina Cernadas Trillo
- Profesorado: Ignacio Delgado
M^a del Carmen Romero
- Coordinadora Infantil: Alicia López Lago
- Persoal de administración e servizo: Irene Castñeira
- Responsable das iniciativas e programas de educación: Mateo Robles
- Representante de Pais: M^a Lorena Traba

7.2.- Funcións da comisión de convivencia

- Realizaranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola presidencia, a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha 3^a parte dos seus membros.
- Dinamizar o Plan de Convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.

- Informar trimestralmente ao consello escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Proponerlle á administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.
-

8.- RESPONSTAS DO CENTRO Á SITUACIÓN ACTUAL DE CONVIVENCIA NO CENTRO.

✓ ACCIÓNES PREVENTIVAS:

- Documentos do centro que garantizan o desenvolvemento e organización do centro: Proxecto Educativo, Normas de Organización de Funcionamento, PXAD; PAT, Concrecións curriculares, Plan de Convivencia.
- Plan de Acolida para ós alumnos/as e as súas familias que se matricula por primeira vez ao inicio de curso.
- Organización de “*días temáticos*”: a paz, a tolerancia, o respecto, a amizade,...
- Programas de habilidades sociais.
- Talleres de sensibilización do acoso escolar.
- Talleres de igualdade de xénero e non discriminación.
- Prevención do acoso escolar.
- Procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia ás clases.
- Coordinación con servizos externos o centro: Concello, Servizos Sociais, EOE,...

✓ ACCIÓNES COMPLEMENTARIAS

- Programa de habilidades sociais elaborado e implementado polo Departamento de Orientación dirixido ao alumnado con condutas disruptivas reiteradas.

- Programa de habilidades sociais específico para alumnado que estivera temporalmente privado do dereito de asistencia ao centro implementado entre titor/a e D. de Orientación.
- Programas de educación emocional e de xestión de conflitos.
- Equipos de mediación escolar⁴.
- Protocolo de actuación ante casos de acoso escolar⁵
- Accións formativas para toda a comunidade educativa en resolución de conflitos e educación emocional.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

En todas as actuacións derivadas da aplicación do protocolo, deberá gardarse a reserva e o sigilo profesional adecuado, en especial sobre a información recollida e as circunstancias personais dos alumnos/as.

Toda a información que se recolla nos documentos nas diferentes fases terá carácter confidencial.

O proceso de intervención é o seguinte:

1. Identificar e comunicar a situación ao equipo directivo. (Anexo I).
2. Medidas urxentes de protección a presunta vítima (Anexo II).
3. Designación dunha persona responsable de apoio a presunta vítima: designada pola dirección do centro entre calquer mestre do centro con destino definitivo, a cal será convocada para recibir a información pertinente, reunión na que se levantará acta.
4. Información ás familias mediante protocolo do que está a suceder, dos feitos,...
5. A dirección do centro nomeará un responsable da tramitación do protocolo: esta persona será a responsable de comunicarse cos implicados, recadar información e comunicala en reunión, levantándose acta. (preferiblemente formado nas TICS e con coñecemento de ciberacoso).

⁴ Derivación en casos de conflitos segundo as pautas establecidas neste documento.

⁵ Protocolo de actuación e modelos na sección Anexos

En caso de abrirse expediente disciplinario o prazo máximo é de 12 días, dende que se tivo coñecemento dos feitos.

Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persona titular do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e as súas familias.
- Ao Servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor/a do alumno/a implicado.

6. Recollida de información e rexistro.

- Entrevistas individuais á presunta vítima.
- Entrevista o presunto acosador/a.
- Outras: entrevistas aos observadores, familias,....
- Recollida de información mediante observación (recreos, saídas, corredores,...)
- Asesoramento e apoio por parte do Departamento de Orientación.

7. Análise da información e adopción de medidas complementarias ás correctivas que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa.

8. Comunicación a outros profesionais externos, en caso necesario: Servicios Sociais do Concello de Fisterra, Saúde, Xudicial,...

9.- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA:

A avaliación do Plan de Convivencia debe realizarse durante toda a implementación do Plan:

- Inmediatamente despois da realización de cada actividade.
- De forma máis xeral una vez ao trimestre a través da Comisión de Convivencia.
- Ao final do curso, para determinar o nivel de consecución de obxectivos propostos.

- Avaliaranse tamén as actividades realizadas e o grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
- Determinaranse propostas de mellora para os seguintes cursos.
- Fomento da difusión do Plan a toda a comunidade educativa.

10. ANEXOS

- Parte de incidencias.
- Protocolo de Acoso Escolar.